

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN**

RESOLUCIÓN do 21 de agosto de 2023 pola que se adxudican as axudas para a mellora da capacidade de innovación das empresas de Galicia, a través do financiamento de bonos de innovación para pequenas e medianas empresas cuxa actividade se enmarca nas prioridades estratéxicas da RIS3, convocadas pola Resolución desta axencia do 18 de xaneiro do ano 2023 (código de procedemento IN848F).

Por Resolución da Axencia Galega de Innovación do 18 de xaneiro de 2023 (DOG núm. 28, do 9 de febreiro) convocáronse as subvencións para a mellora da capacidade de innovación das empresas en Galicia, a través do financiamento de bonos de innovación para pequenas e medianas empresas cuxa actividade se enmarca nas prioridades estratéxicas da RIS3.

No seu artigo 20 regúlase a resolución e notificación destas axudas unha vez que a comisión de selección establecida no artigo 17 seleccione as solicitudes admitidas e emita un informe no cal se concrete o resultado da avaliación efectuada e a contía da axuda proposta, conforme os criterios establecidos no artigo 18.

Con base no anterior, e atendendo ao informe elaborado na sesión do 31 de xullo de 2023 pola comisión de selección, o 7.8.2023 a directora da Axencia Galega de Innovación resolveu a concesión das axudas para mellora da capacidade de innovación das empresas en Galicia, a través do financiamento de bonos de innovación para pequenas e medianas empresas cuxa actividade se enmarca nas prioridades estratéxicas da RIS.

O 2.8.2023, a directora da Axencia Galega de Innovación ditou resolución de incremento do crédito previsto na Resolución do 18 de xaneiro de 2023. O importe do citado incremento é de 120.000 €, consignados na aplicación orzamentaria 05.A2.561A.770.0, código de proxecto 2016 00013. Deste modo, o crédito destinado a estas axudas queda por un importe máximo total de 870.000,00 €.

De acordo con isto, e atendendo ao informe elaborado na sesión do 31 de xullo de 2023 pola comisión de selección e o informe do órgano instructor do 8 de agosto de 2023,

RESOLVO:

Conceder as axudas para a mellora da capacidade de innovación das empresas en Galicia, a través do financiamento de bonos de innovación para pequenas e medianas

CVE-DOG: kklisyl5-bqj7-u2g1-8u42-xjg8zliizcc4



empresas cuxa actividade se enmarca nas prioridades estratéxicas da RIS3, a todas ás solicitudes que figuran como anexo I (ordenadas por número de expediente).

O importe total das axudas concedidas en virtude da Resolución do 18 de xaneiro de 2023 é de 860.901,61 €, con cargo á aplicación orzamentaria que se recolle no seguinte cadro:

Aplicación/proxecto	Liña	Anualidade 2023	Total
05.A2.561A.770.0/2016 00013	Liña 1. Servizos de apoio á innovación	662.996,61 €	860.901,61 €
	Liña 2A. Tramitación de incentivos fiscais e bonificacións de persoal investigador	79.445,00 €	
	Liña 2B. Xestión de axudas	118.460,00 €	

De conformidade co artigo 7.4, polo cal non se financia a fabricación de prototipos, minúase 1.100,00 € do orzamento elixible do expediente número 052_IN848F_1_23_1093123 correspondente a Fish and Food Technology, S.L. con CIF B02970937.

Para a xustificación da subvención deberá presentarse a documentación indicada nos artigos 26 da resolución de convocatoria no prazo establecido no artigo 25 no seu punto 1.

O pagamento destas axudas realizarase conforme o establecido no artigo 27 da resolución de convocatoria.

Contra esta resolución, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que consideren procedente, poderán interpoñer recurso de alzada no prazo dun mes desde o día seguinte ao da notificación da resolución, perante o presidente da Axencia Galega de Innovación, segundo o disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, 21 de agosto de 2023

Patricia Argerey Vilar
Directora da Axencia Galega de Innovación

CVE-DOG: kklisyl5-bqj7-u2g1-8u42-xjg8ziizcc4





ANEXO I

Entidades beneficiarias da liña 1 (orde de núm. de expediente)

Núm. de expediente	Razón social	CIF	Puntos	Orzamento total	Axuda total
004_IN848F_1_23_625100	Análisis y Soluciones de Ingeniería, S.L.	B36525772	15,5	50.000,00	35.000,00
061_IN848F_1_23_1095523	H Paniagua, S.L.	B32001893	15	36.020,00	25.214,00
052_IN848F_1_23_1093123	Fish and Food Technology, S.L.	B02970937	14,5	48.900,00	34.230,00
073_IN848F_1_23_1096886	Abraham Tenoira Reina	***7204**	14,5	23.000,00	16.100,00
055_IN848F_1_23_1094715	José Luís Peña García	***9375**	14	50.000,00	35.000,00